



# MICE PETÍS

Espazo escolar dentro da  
Mostra Internacional de  
Cinema Etnográfico  
Museo do Pobo Galego



**Museo do Pobo Galego**



CONCELLO DE  
SANTIAGO



Deputación  
DA CORUÑA

AGADIC



Asociación Galega das  
Industrias Culturais



XUNTA  
DE GALICIA



Xacobeo 21-22



**MICE Petís** é o espazo escolar dentro da Mostra Internacional de Cinema Etnográfico que organiza o Museo do Pobo Galego e que terá lugar do **28 de marzo ao 1 de abril de 2022**.

Nesta edición, a programación específica para centros educativos conta coa colaboración de **Olloboi**, un festival audiovisual de curtametraxes feitos no ámbito escolar organizado desde o 2009 por unha asociación sen ánimo de lucro radicada en Boiro.

A proposta é unha selección de curtas realizadas por diferentes centros escolares galegos, moitas delas premiadas neste festival. Estes traballos tratan temáticas de interese para o alumnado, que van desde a actualidade do patrimonio etnográfico, a igualdade de xénero ou os valores mediambientais.

### **Que vos ofrecemos?**

**Sesións PRESENCIAIS** · Durante a **semana do 28/3 ao 1/4** teremos sesións matinais no Museo para poder ver estas curtas. Unha ás 11h e outra ás 12h30.

**Sesións VIRTUAIS** · A partir **do 28 e até final de curso**, esta proposta irá aos centros escolares facilitando e compartindo as curtas a través dunha ligazón. grazas a cal o profesorado poderá programar a MICE Petís nos propios centros.

Solicitudes en [servizosdeac@museodopobo.gal](mailto:servizosdeac@museodopobo.gal)

# CURTAS PARA ALUMNADO DA ESO



## SÁLVORA

IES A Cachada // Boiro // 2021 // 4'50"

Chamada ao compromiso global para deter a destrución do noso ecosistema natural e cultural.

## A XUSTIZA POLA MAN

IES As Barxas // Moaña // 2015 // 2'56"

Animación coa técnica Stop Motion sobre a obra de Rosalía de Castro.



## PÍÑEIRO NO XARDÍN


CPI Eusebio Lorenzo Baleirón // Dodro // 2018 // 4'38"

Videoclip que retrata un domingo rural galego con retranca, cariño e mirada crítica.

## ESPAZOS ABERTOS

IES de Cacheiras // Ames // 2019 // 5'50"

Reflexión sobre a integración social das persoas que sofren enfermidades mentais.



## VIDAS MARIÑEIRAS

IES Terra de Trasancos // Narón // 2021 // 14'34"


O pai de Brais queda sen traballo e convértese en furtivo do percebe. Brais fará todo o posible para que o seu pai sexa legal e obteña unha licenza. Un retrato da dureza da vida mariñeira.



# 8 DE MARZO. HOMENAXE Á MULLER TRABALLADORA

IES de Arzúa // Arzúa // 2016 // 7'50"

Neste proxecto audiovisual colectivo elaborado por diferentes mulleres ligadas á comunidade educativa arzuá, alumnas e exalumnas do IES de Arzúa empregan con toda a súa forza violeta a lírica audiovisual e a denuncia real para neutralizar as diferentes desigualdades que aínda existen no mercado laboral entre homes e mulleres.



## REQUERIMENTOS DA ACTIVIDADE

### MODALIDADE PRESENCIAL

- Temporalización: 50 minutos.
- Datas: do 28/3 ao 1/4.
- Horario: ás 11h ou ás 12h30.  
(Podedes escoller **1 sesión**, por grupo, das 2 ofertadas)
- Reservar sesión en [servizosdeac@museodopobo.gal](mailto:servizosdeac@museodopobo.gal)
- Actividade gratuíta.

### MODALIDADE VIRTUAL

- É necesaria unha aula ou espazo con dispoñibilidade para proxectar o filme.
- O DEAC enviará unha ligazón e contrasinal para poder acceder ós filmes.
- Solicitar en [servizosdeac@museodopobo.gal](mailto:servizosdeac@museodopobo.gal)
- Actividade gratuíta.